

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE A COVID-19 DURANTE O CURSO ESCOLAR 2020-2021

Todos os centros educativos contarán cun protocolo de adaptación á situación COVID-19 no curso 20-21, seguindo as instrucións e normativas remitidas polas Consellerías de Educación e Sanidade.

Este protocolo modifica normas de organización e funcionamento habituais do centro, priorizando as medidas de seguridade para o noso alumnado.

Para levar a cabo estas medidas foi preciso ter en conta a modificación de aulas, espazos, persoal e particularidades propias do centro educativo.

A aplicación de todas estas medidas e protocolos minimizan os riscos, pero non garanten unha seguridade absoluta. É imprescindible a responsabilidade conxunta e o compromiso de toda a comunidade educativa no cumprimento das normas e medidas de seguridade establecidas.

Neste documento, detallamos un resumo das diferentes medidas sanitarias e organizativas establecidas no protocolo, tanto xerais como as relacionadas coas rutinas e actividades do alumnado.

Medidas xerais:

- o Aplicarase en todo o centro as medidas establecidas no protocolo de adaptación á situación COVID19 publicado pola Consellería de Educación e Sanidade.
- o O centro dispón dun equipo COVID de referencia para toda a Comunidade Educativa. A coordinación deste equipo correrá a cargo da Directora do centro.
- o Os grupos de Infantil e Primaria serán grupos estables de convivencia en toda a xornada (aula, recreo, madrugadores, comedor).
- o Nas aulas de secundaria cumprírase coa distancia de 1,5 m entre o alumnado.
- o En filas, aulas, servizos, o alumnado respectará a orde de lista de aula e conservará o seu posto fixo todo o curso (salvo excepcións valoradas polo equipo covid).
- o Non está permitido:
 - Compartir material, comida, bebida, lambetadas, xoguetes pessoais...
 - Repartir invitacións, piñatas, regalos ...
- o Para o alumnado de infantil e primaria a merenda deberá vir nun envase con nome e preparada para o seu consumo, evitando ao máximo a manipulación polo profesorado. Todo o alumnado poderá facer uso da máquina expendedora e do servizo de venda de bocadillos no comedor cumprindo o protocolo establecido.

- o Por razóns sanitarias o uso de vestiario non está permitido, polo tanto para a clase de psicomotricidade e EF o alumnado xa deberá asistir ao centro coa roupa deportiva colexial e non poderá mudarse ao finalizar esta.
- o Recórdase que non está permitido estacionar/parar nos espazos reservados para o autobús escolar.

Medidas para as Familias e titores/-as do alumnado

- o A entrega e recollida do alumnado farase por unha soa persoa.
- o As familias non poderán acceder ao interior do edificio agás autorización expresa.
- o Fomentarse o uso das tecnoloxías de comunicación para as entrevistas co profesorado.
- o As reunións de inicio de curso serán telemáticas.
- o Priorizarse o envío de documentación mediante medios informáticos.
- o Os trámites administrativos serán realizados con cita previa co centro.
- o Nos tempos de entrada/saída/recreo do alumnado, a administración do centro permanecerá pechada ao público.
- o O recinto escolar pecharase ao finalizar a xornada escolar.

Fondo libros:

En Primaria a entrega dos libros farase nos primeiros días do curso ao propio alumno. As familias deberán asinar e devolver o documento de entrega.

En Secundaria a entrega dos libros farase a partir do día 16 e antes do 25 aos pais/nais/titores legais seguindo o horario establecido e que se dará a coñecer a través da páxina web do centro.

Material a solicitar ao alumnado:

- o Botella de auga (non vidro).
- o Gardamáscaras e máscara de reposto.
Para o alumnado de Infantil o uso da máscara aínda que non obrigatorio si é recomendable. A programación da etapa incluírá a educación no uso correcto desta.
- o Unha bolsa con peche, que permanecerá no centro para gardar as súas prendas de abrigo.
- o Os libros/materiais do 1º trimestre. (Os do 2º e 3º trimestre permanecerán á custodia das familias).

Todos os materiais de uso persoal deberán vir identificados con nome e non poderán ser compartidos en ningún caso.

Medidas sanitarias:

- o Todas as familias asinarán unha DECLARACIÓN RESPONSABLE (facilitarase o formulario ao alumnado o día de presentación, ou poderá descargarse da web. Unha vez cuberto entregarse, á maior brevidade posible, ao titor/-a).
- o As aulas e os espazos comúns dispoñen de xel hidroalcohólico, desinfectante e panos desbotables para a desinfección de postos polo propio alumno/-a, papeleiras con pedal e tapa e lavabos nas aulas de EI e EP.
- o As entradas do centro contarán con felpudos desinfectantes e xel hidroalcohólico.
- o Diariamente desinfectarase todo o centro con máquina vaporizadora con desinfectante virucida.

Entradas e saídas:

Lembrarlles que existe un horario e zonas específicas de entrada/saída para os días de acollida/presentación de cada curso, publicados na web.

- o Todos os cursos teñen un horario de entrada/saída escalonada para evitar as aglomeracións de familias no exterior do centro. É importante a puntualidade deste horario para cumprir coas medidas de distancia de seguridade.
- o As familias con mais dun fillo/-a poderán entregar ós irmáns nun único horario.
- o As familias de Infantil (5º,6º), Primaria e Secundaria só poderán acceder ó espazo delimitado de entrega do alumnado.
- o Queda prohibido o acceso do alumnado ao interior do centro pola entrada principal, agás que chegue fóra do horario de entradas, acudindo á secretaría do centro para a xustificación do retraso.
- o No caso de impuntualidade quedará prohibido o acceso libre á aula.
- o Durante o mes de setembro contaremos con persoal voluntario da ANPA que colaborará coas familias para facilitar as entradas/saídas, así como para velar polo cumprimento das medidas de seguridade precisas.

ED. INFANTIL	
ENTRADAS	SAÍDAS
8:50 6º Infantil A (M Jesusa) (ximnasio canellón lateral)	13:30 Rampa/entrada principal.
8:50 6º Infantil B (Angélica)	13:20 rampa/ entrada principal

(ximnasio canellón lateral)	
9:00 5º Infantil A (M José) (ximnasio canellón lateral)	13:20 hall traseiro
9:00 5º Infantil B (Lourdes) (ximnasio canellón lateral)	13:25 hall traseiro
9:20 4º Infantil A (Isabel) Planta 0 hall principal, entrega en aula.	13: 25 rampa/entrada principal
9:20 4º Infantil B (Elvira) Planta 1, hall traseiro, entrega en aula.	13:30 hall traseiro

ED. PRIMARIA	
ENTRADAS	SAÍDAS
Lateral dereito do edificio ata a liña restrinxida ás familias. O alumnado realizará filas na pista cuberta.	
8:45 6º A/B	13:35 (lateral de patios)
8:50 5º A/B	13:40 (lateral de patios)
8:55 4º A/B	13:45 (lateral de patios)
9:00 3º A/B	13:50 (lateral de patios)
9:05 2º A/B	2º A 13:35 2º B 13:40 rampa/entrada principal
9:10 1º A/B	1º A 13:45 1º B 13:50 Rampa/entrada principal.

ESO	
ENTRADAS	SAÍDAS
Lateral dereito do edificio ata a liña restrinxida ás familias. O alumnado realizará filas na pista cuberta.	
8:20 1º A/B ESO	14:00
8:20 2º A/B ESO	14:05
8:25 3º A/B ESO	14:10
8:25 4º A/B ESO	14:15

- **Servizo de Madrugadores:**

- o O alumnado debe asistir con máscara.
- o Os alumnos de diferentes grupos estarán distanciados 1,5 m entre grupos.

- o Os alumnos non poderán cambiar de posto.
- o O uso de material (libros/xoguetes) é individual, non poderán compartir materiais.
- o O acceso ó servizo é polo lateral esquerdo, porta exterior do salón de actos, onde se ubica un timbre para a recepción dos alumnos.
- o Á entrada ao servizo a hixiene de calzado e mans é obrigatorio.
- o Para garantir as medidas de seguridade e aforo é obrigatorio, neste curso escolar, anotarse con 48 h de antelación (na medida do posible) neste servizo, chamando á secretaría do centro.

- **Transporte:**

- o Os usuarios de transporte deberán usar máscara.
- o Os postos, que se manterán durante todo o curso, serán asignados pola monitora mantendo as medidas de seguridade (distancia, alumnos/as convivintes, ...)
- o Este alumnado ten preferencia de entrada/saída no centro.

- **Comedor:**

- o O alumnado de Infantil comerá na súas aulas, respectando a distancia de 1,5 m entre grupos estables de convivencia.
- o O alumnado de EP comerá cos seus grupos estables de convivencia, respectando a distancia de 1,5 entre grupos. Os postos dentro do grupo serán fixos.
- o O alumnado de ESO respectará a distancia de 1,5 entre alumnado.
- o O alumnado poderá ser recollido **entre as 14:45 e as 15:15 h. (setembro)**
- o Os espazos de recollida durante o mes de setembro serán:

Ed. Infantil	ENTRADA PRINCIPAL HALL TRASEIRO
1º e 2º de Ed. primaria	Patio exterior (con choiva ximnasio)
3º e 4º de Ed. primaria	Porta lateral ximnasio
5º e 6º de Ed. primaria	Patio exterior
ESO	SAÍDA PORTA LATERAL SALÓN DE ACTOS

- o De momento, a hixiene de dentes tras o servizo de comedor non está permitida en ningunha das etapas.
- o **Para garantir as medidas de seguridade e aforo é imprescindible neste curso predicir a lo menos con 48 h de antelación a alta eventual deste servizo chamando**



á secretaría do centro.

- o A partir do mes de outubro a flexibilización do horario lectivo para o alumnado de comedor estará contemplado no plan, de tal xeito que permita a atención de todo o alumnado con medidas de seguridade en quendas distintas.

- **Actividades extraescolares**

- o Pendente da publicación da normativa por parte da Consellería.